



「COUSAS」

AFONSO R. CASTELÃO

COVSAS



POP
CASTELAO

A CARÓN DA NATUREZA

É NO INTRE EN QUE A TERRA, pra se durmir, vaille virando as costas á luz e o fume das tellas, mesto e leitoso, vaise espaxando no fondo do val. Non é cousa de outro mundo pintar o que ven os ollos, que serán comestos polos vermes; pero na paisaxe hai máis cousas que fitar, pois naquel muiño cantareiro dous namorados danse o primeiro bico e naquel pazo do castiñeiro seco oubean os cans.

DENDE O ADRO DUNHA EIREXA ollamos o val afundido na choiva. A iauga que cai a fío aplaca o fume azul contra as tellas brillantes dunha chouza. Os camiños están cubertos de lama e un vendedor de cobertores pasa cabaleiro na súa besta ferrada. Velahí o cadro dun pintor; pero aínda hai máis na paisaxe, pois tocan a morto no campanario da eirexa e o son é tan amargurado coma se batesen a campá coa mesma cabeza do morto e non adiviñamos en cál casa do lugar hai desgracia porque todas, todas, están tristes.

NOITE DE LUAR. Na veira dunha encrucillada de leenda un cruceiro ten arrentes de sí a mesa de pedra onde pousan os mortos para botarlle o responso; por entre os piñeiros amóstrase a ría maina; a lúa está pendurada da ponla dun pino. O pintor ten que evocar algo máis que unha visión, pois na mesa de pedra do cruceiro, aquela mesma tardiña, pousaron o corpo morto dun rapaz que veu do servizo; por aquela congosta vai un estudante de crego cavilando na moza do pano roxo que lle roubou a vocación. E ao lonxe cantan un alalá.


MAÑANCIÑA DE DOMINGO. Os montes de lonxe teñen azures de Patinir; as xestas e os toxos poñen as súas motiñas marelas na divina sinfonía verde da paisaxe. Moitas cousas máis ten a paisaxe para un artista, pois nunha ponla daquela maceira o melro de Guerra Xunqueira, «lucidío e xovial» aínda, agarda polo abade da aldea para darlle os «bons días»; chovéu onte; as campás da eirexa repenican unha muiñeira e polos carreiros das veigas dacolá embaixo as formiguiñas negras e roxas veñen á misa.

O TEMPO ENGALANÓU cunha tona de ouro e prata o vello castelo feudal; os esclavas do fisco sachan o millo nas leiras; antre os salgueiros sombrizos do

fondo do val avístase a fouce do río. O sol bate no lombo da terra. Todo está disposto para pintar, porque todo é regalía dos ollos; pero na paisaxe hai máis. Hoxe é víspera de San Xohán, arrecende a colo de nai, cantan os grilos e o vento morno trainos de lonxe o son dun bombardino. Mañán lavarémonos con herbas arrecendentes.

ANOITECÍA. A silueta negra dun pino dibuxábase no azul escuro do ceo. Todos sabedes que na primadeira os pinos botan milleiros de velas, collendo eisí o aspecto de candieiros xigantes. ¡Cántas veces sentimos desexos de alcender as velas dos pinos! Pois ben; perto do meu pino acertou a pasar o Viático aldeán (o crego, dous rapaces, catro mulleriñas que van rezando) e ¡ou miragre! o irmán pino, sentindo o momento relixioso e en homenaxe á Sagrada forma, alcendéu as súas velas, que estiveron acesas namentras o Viático non se perdéu na revolta do camiño.

UN DÍA DE NADAL, ollando unha paisaxe que imitaba un Nacemento, decatéime de que hai máis fermosura nas froliñas dos campos que nas froles de xardín. As froliñas ventureiras que nacen nos campos parecen creadas polo Bosco ou por Breughel o vello, namentras que as froles foulentas de xardín semellan os encoiros manteigosos de Rubens. Dende entón eu quixen ser un ventureiro das letras.



CHÁMANLLE A "MARQUESIÑA" e os seus peños endexamáis se calzaron.

Vai á fonte, depelica patacas e chámanlle a *Marquesiña*.

Non foi á escola por non ter chombra que pór, e chámanlle a *Marquesiña*.

Non probóu máis lambetadas que unha pedra de zucre, e chámanlle a *Marquesiña*.

A súa nai é tan probe que traballa de xornaleira na casa do Marqués.

¡E aínda lle chaman a *Marquesiña*!



ONDE HAI UN CRUCEIRO houbo sempre un pecado, e cada cruceiro é unha oración de pedra que fixo baixar un perdón do Ceo, polo arrepentimento de quen o pagóu e polo gran sentimento de quen o fixo.

¿Tedes reparado nos nosos cruceiros aldeáns? Pois reparade.

A Virxe das Angustias, enclavada no reverso de moitas cruces de pedra, non é a Piedá dos escultores; é a Piedade creada polos canteiros.

Os nosos canteiros, deixándose levar polo sentimento, non podían maxinar un home no colo da nai.

Para os artistas canteiros, Xesucristo sempre é pequeno, sempre é o Neno, porque é o Fillo, e os fillos sempre somos pequenos nos colos das nosas nais.

Reparade nos cruceiros e descubriredes moitos tesouros.



O "RIFANTE" ERA UN MARIÑEIRO que ganaba pesos a moreas e que na súa bolsa gardábanse talmente como auga nunha peneira. En terra o *Rifante* non tiña caletre ningún; en canto poñía o pé no seu barco trocábase nun sabio. Tiña moitos fillos e moitos netos e todos a gastar porque o mar daba para todo.

Ninguén lle negou o creto de bó patrón e de bó cristiano que tiña; máis ás veces parecía ter tratos co demo. Habían de largar o aparello outros mariñeiros e non habían de coller ren; chegaba o *Rifante* e collía unha fartura de peixe.

O *Rifante* era farturento de seu. Estando a pique de morrer afogado ofrecéuse a Nosa Señora e regaloulle un manto de seis mil reás, ademáis da misa cantada, música, foguetes, traxes novos e comida a fartar.

O *Rifante* tiña fe na súa fada. Unha vez enfermóuse e fixo de patrón o fillo máis vello. En canto volvéu do mar, o fillo achegouse ao leito do pai e tateando de medo contoulle que o aparello quedara trabado nunhas pedras. O *Rifante* dixo simplemente: -«Non teñas medo, Ramón; o mar levóuno, o mar dará para outro».

E despois calou e virouse cara a parede.

¡Qué confianza tiña o *Rifante* no mar!

Pero tanta fartura minguou de súpeto e a fame foi entrando en todos os fogares. Tal aconteceu cando as traíñas mataron o xeito.

O *Rifante* apareceu un día diante do meu pai, amigo seu dende nenos e ademais conselleiro.

- ¿Sabes unha cousa? -dixo-. Hai fame ¡fame! na casa do *Rifante*. Ti xa sabes que nunca pedín nada a ninguén; mais, agora veño petar na túa porta para que me emprestes mil réas. Quero botarlle un balcón novo á miña casa ¿sabes?, e así a xente que vexa que ando en obra non pensará que os meus non teñen que levar á boca.


Meu pai, que percorréu moito mundo aseguroulle que a fame cúrase con pan; mais o *Rifante* púxose teso e volvéu a falar.

- A vergonza é peor que a fame.

E seguro meu pai de non convencer en terra a un home que somentes ten intelixencia no mar, abréu a gabeta e colléu mil réas; pero o *Rifante* atallouno:

- Non, agora non mos deas; xa viréi por eles.

Na noite daquel día velahí que se sinteu unha tropa na nosa casa. Era o *Rifante* que viña coa muller, os fillos, os xenros, as noras e os netos todos en procura dos mil réas.

A patulea do *Rifante* enchéu a casa toda e daba medo pensar cómo formarían r  demandando pan ao seu patriarca.

O *Rifante*, coa gorra encachada até as orellas, pidéulle os cartos a meu pai, e ao recibilos das súas mans descubréuse relixiosamente e amostrándollos a todos dixo con solenidade:

Miña muller e meus fillos: Se morro xa sabedes que se lle deben cincuenta pesos a iste home.

E sen decir outra verba tapou a cabeza e foise diante de todos, escaleira abaixo.



CAMIÑO ESQUECIDO que xa non vai a ningures. Un camiño calzado de pedra, inzado de silvas ensarilladas e de ortigas arnales, que se perde na boca moura dunha congostra.

Eu sempre preguntaba á miña aboa: ¿Ónde vai dar a *verea vella*?

E miña aboa respondíame con certo misterio: Non vai a ningures, meu meniño.

Aquela *verea vella* turraba por mín, e cando me fixen home arrisquéime a pasala. E mais ala da medoñenta congostra topéime cunha aldea sen xente.

Casales de boa pedra, lagares que lembran fartura, traves apodrecidas, moreas de tella; todo vai amortaxado con edras, silvas e loureiros, e por riba de aquela vizosa vexetación as follas amarelas e vermellas dunha viña sen froito.

Debaixo dunha nogueira seca sentéime a debullar sentimentos que aínda hoxe están alí en espera ...

Cando volvín á casa escoitei de miña aboa a hestoria da aldea esquecida.

- Foi que os do lugar, armados ladróns, roubaron o mosteiro de Armenteira.

Agardando o intre do reparto da riqueza o capitán enterróuna en sitio segredo; mais ao seguinte día o capitán apareceu morto no seu leito e nunca máis se soupo do tesouro.

Dende aquela todas foron desgracias. Morrían as xugadas, merábanse os froitos, morrían entangarañados os rapaces, secábanse as fontes. Para escorrentar o mal fado ergueron cruceiros a eito.

De nada valéu nada. No remate sópouse todo e aínda hoxe o lugar está illado das xentes de ben.



NA NOITE DA DERRADEIRA novena de difuntos a Eirexa estaba inzada de medos.

En cada vela escentilaba unha ánima e as ánimas que non cabían nas velas acesas acochábanse nos currunchos sombrizos e dende alí fitaban aos rapaces e facíanlles carantoñas.

Cada luz que o sancristán mataba era unha ánima acesa que se desfecía en fíos de fume e todos sentíamos o bafo das ánimas en cada vela que morría

Dende entón o cheiro da cera traime a lembranza dos medos daquela noite.

O abade cantaba o responso diante dunha caixa chea de ósos e no intre de finir o «paternóster» daba comenzo o pranto.

Catro homes adiantábanse apartando mulleres enloquecidas de door e cunha man erguían o ataúde e coa outra empuñaban unha facha.

A procesión tiña remate no osario do adro. Os catro homes levaban o ataúde pendurado arrentes do chan e a facha deitada pingando cera por riba dos ósos. Detrás seguía o enxamio de mulleres ceibando laídos abrouxadores, moito máis arrepiantes que os do pranto nun enterro de afogados. E se as mulleres carpían os

homes esbagullaban calados.

Naquela procesión todos tiñan por quén chorar e todos choraban.


E aínda choraba Baltasara, unha rapaza criada pola caridá de todos que aparecera dentro dun queipo, a carón dun cruceiro, que non tiña pai nin nai, nin por quén chorar: mais ela foi collida polo andacio do pranto e tamén se desfacía carpindo con todos os folgos.

Camiño das casas unha veciña inquiréu da rapaza:

- ¿Por quén chorabas, Baltasara?

E ela dixo, saloucando:

-¿O non ter por quén chorar parécelle pequena desgracia, señora?



A PONTE VELLA XA NON REXE cos amores e as traxedias que leva no lombo e calquera día amañece afundida.

Se a ponte vella falase, atestiguar podía o que vou contarvos.

Era unha rapaza branca e bonita como unha filla de rei. Pola súa endebleza e o seu porte fidalgo fixérona costureira e todos os anoiteceres pasaba pola ponte vella e cruzábase sempre co estudante de crego.

- Boas tardes, Rosa.

- Boas tardes, Pedro.

Ela viña da costura; el tornaba do latín. E olláronse de pasada tantas veces na ponte vella que cando Pedro entrou no Seminario xa levaba un amor no peito.

O inverno foise e Pedro chegou do estudo e viña ardendo por ver a Rosa. O namorado sentábase todos os anoiteceres na ponte vella, en espera...

A costureira branca e bonita xa non andaba na costura e ao topárense nalgún camiño ela agachaba a cara no seu pano e el poñíase a morrer.

Un día Pedro escoitou, co corazón trubado, unha conversa na ponte.

- Aquela cariña tan feita trocouse nunha carantoña que pon medo. Xa seu pai viña de xentes marcadas con cruz no libro da parroquia, e que non pensen en curala... O que che ten a probiña Rosa é o mal de San Lázaro...

A noite daquel día pechouse para Pedro coma se se pechasen todas as portas do mundo.

Agora é un abade moi vello e moi santiño, que se senta moitos anoiteceres na ponte vella a repartir o ben da súa santidade en todos os que pasan.



NO ESCURO CALETRE de Martiño buléu sempre un verme de luz. Martiño arelaba ser dono do campanario da eirexa.

Crióuse ao rabo do sancristán para ganar a súa vountade e medrando, medrando, chegou a sineiro, porque Martiño era parvo e dáballe por tanguer as campás.

Nos primeiros, Martiño escorrentaba rapaces. Despóis a porta do campanario, decote aberta, apareceu cun tarabelo. De alí a pouco, Martiño púxolle un ferrollo e metéuse dentro .

Foi así como Martiño entrou solermiñamente en posesión do campanario da eirexa e fixo dil a súa casa e das campás a ferramenta con que traballaba para sí.

Os rapaces endexamáis lle concedemos o dereito de mandar no campanario e disputámosllo con xenreira e con medo, pois quen lle facía unha pagáballe dúas cando entraba na eirexa, que viña sendo a rateira onde Martiño atrapaba rapaces.

Adoecidos como estabamos por rubir ao campanario, o noso maxín non acougaba maquinando cousas. Un día inventamos tan boa iñorma que logramos entrar. Nin qué decir ten que na Casa do probe Martiño non deixamos cousa enteira nin san. E foi entón cando Martiño comenzou a engaiolarnos pra se vingar.

Sentados a plan no adro contábanos Martiño, con voz medoñenta, as cousas

acontecidas no campanario, cando as ánimas da Santa Compañía pasaron por riba do seu peito, cando unha noite repinicarón as campás e foi ver quen as tanguía e recibeu unha labazada... Nós non bulíamos escoitando aparvados os contos de Martiño, e cando a noite pechaba morríamos de medo.

A vinganza de Martiño foi tal que aínda hoxe eu estóuna padecendo nestes medos que me dan.



AÍNDA EU NON NASCERA e miña nai era pequena. Na bocanoite dun día morno de abril as xentes da miña vila ollaron unha raiola de luz que viña do mar, batendo no campanario da eirexa como unha raiola de sol colada por unha fenda das nubes; pero non era de sol nin de luar nin de cousa semellante . Aquilo era unha luz de lóstregos, botada por un ollo vixiante, que cachea algo, deténdose de tempo en tempo no campanario da eirexa para saber a hora e seguir dispóis traballando.

As xentes acudían en greas dende todos os cabos da vila e plantábanse na praza, todos caladiños coma petos. Chantados os pés no chan seguían cos ollos o movemento da luz; alentaban amodo e os corazóns petaban forte.

Xa noite pechada chegou o médico, home de moito creto centífico, e todos fóronse a il agardando que da súa boca saíse a verdade. O médico ollou a luz, enrugou a narís, erguéu os hombreiros e dixo con cara de poucos amigos:

- Eu non coñezo iste fenómeno.

Nunca tal dixera. Unha muller formulou nun chíó de delor o medo de todos. E as xentes enlouquecidas espalláronse polas rúas berrando: *¡Que se acaba o mundo!*
¡Que se acaba o mundo!

Uns corrían con sacos de pan ao lombo en dereitura do monte, outros

axionllábanse nos cruceiros e rezaban. Os nenínos levados polas nais carpían con todos os folgos; os vellos pedían confesión.

Os ladróns restituían o roubado ou declaraban o roubo; os calumniadores apreixaban a roupa das súas vítimas pedindo perdón. Diante da morte todos se laiaban dos seus pecados.

E arreo seguían resoando na noite, como cantos de galo, os berros arrepiantes: *¡Que se acaba o mundo! ¡Que se acaba o mundo!*

O vello abade non daba abasto confesando pecadores, e canso xa, determinóu benzoar a todos e absolverlos, porque a morte estaba perto e non había tempo que perder.

Nesto chegou Ramón, o mozo máis forte da vila, traendo da man á moza dos seus amores. A parella de namorados furaban na xente como unha punta de ferro e dispóis de moito traballo presentáronse diante do abade e caeron aos seus pés.

- Cásenos, señor, cásenos, que estamos vivindo en pecado mortal.

E cando aínda non rematara de abenzoalos o abade, escoitouse unha voz que decía:

- ¡Non teñades medo ningún, que é luz eléutrica da escoadra inglesa! ¡Non teñades medo que é luz eléutrica!

Era o dono da fábrica de salazón, que viña correndo cun farol na man.

Ramón e Micaléa xa non vivían en pecado e colleron vergonza diante da xente.



NA COVA DOS CARCAMÁNS vive -según contan- unha dona encantada que ven a peitearse de mañán cedo nas pedras da veiramar, e eu gustaba de ir matar o tempo naquela medoñenta soedade, agardando que calquera día aparecese diante dos meus ollos a fremosura que tantos mariñeiros ollaran. E en axexo da dona encantada paséi días e días sentado no curuto da mesma pedra.

Fun esquecéndome do encanto e afíxenme á soedade medoñenta e ao bruido das

ondas do mar. Aínda levo nos ouvidos o son das ondas que escachaban nas pedras e a resposta que facían no fondo da cova dos carcamáns.

Os meus ollos poucas veces esculcaban nas lonxanías: pousábanse mellor no fondo das augas, onde eu podía avistar o mundo que criou mitos no maxín popular.

Non sei por qué; mais eu sempre detiña o meu ollar nunha pedra redonda como un cráneo, toda cuberta de argazo verde. E as miñas visitas xa non tiñan outro ouxeto que ollar a pedra redonda.

Un día de mareas vivas tanto devalou o mar que a pedra botou fora das augas o seu curupete e nunca tanto se asemellou a un cráneo cuberto de cabelos verdes. Cando unha onda solagaba a pedra o pelo desfiañábase debaixo do mar, aboiando como o cabelo dunha muller afogada. No recuar das ondas a pedra saía das augas e o cabelo aplacábase e entón aparecía peiteada con raia ao medio, talmente como unha cabeza de muller.

Moitas veces olléi cómo as ondas do mar xogaban co cabelo verde e os meus ollos encantados non se fartaban endexamáis.

Nun serán de brétema déronme tentacións de coller a pedra e desfacerlle os cabelos para dar acougo ao meu esprito.

Arriscándome moito puđen chegar pertiño da pedra redonda e alongando o brazo apañéi os cabelos e turréi por eles para riba.

A pedra era levián e erquina no aire como un verdugo que amostra unha cabeza cortada.

Cando me lembro aínda sinto un arrufio nas costas. O que eu tiña pendurado polos cabelos non era unha pedra, non: era... ¡unha caveira humán!

Cicáis a caveira da dona encantada, que debéu morrer, porque xa fai moito tempo que non ven peitearse de mañán cedo nas pedras da veiramar.



I

CANDO EU ERA RAPAZ chegou Ramón Carballo; viña con chaqueta de tarazona forrada de baeta vermella e unha gorra con visera de carei, como veñen os que van a navegar. Tamén traía o peito tatuado, que ben lle miréi eu un paxaro cunha carta no peteiro e o seu nome debaixo.

Lémbrome que Ramón Carballo foi a Buenos Aires e volvéu sen cartos. Logo foi á Habana e non trouxo diñeiro. Despóis foi a New York e volvéu tan probe como fora. Ramón Carballo aínda foi a non se sabe ónde e non volvéu máis.

II

Eiquí compría escribir unha novela; pero eu son home de ben e non debo contrar o que non sei. Pero novela haina.

III

M. Lavalet gana o seu pan vendendo restos humanos. M. Lavalet é un home arrepiante: ollos roxos de vidro, cabelos mortos de peluca vella, regos secos de suor luxado na testa, friaxe de ter nas mans e nos beizos a sustancia de moitos venenos.

Iste home vive no terceiro piso dunha rúa estreita de París.

Un día chaméi cos cotelos á porta e entréi... Unha sala chea de ósos humanos, algúns aínda frescos, compoñía o comercio para médicos. Na sala de curiosités, para cosmopolitas, había moitas cousas: un feto momificado ollándose o embigo, unha caveira de gorila coa súa cresta de casco guerreiro, a pelexa da cabeza dun chino para sere colocada nunha armadura de escaiola.

Cando M. Lavalet soupo que eu era pintor amostróume unha gran colección de coiros humanos tatuados e curtidos para facer petacas, carteiras...

Un dos coiros era do peito dun home, representando un paxaro cunha carta no peteiro e debaixo do deseño campaba iste nome: Ramón Carballo.



O ALQUILADOR NON TEN máis ben que un faco, unha albarda e unha corte, e ninguén adeviña cómo pode manter o faco. Cando reparo na besta do alquilador, na probe besta de todos, lémbrome dunha gaivota desplumada. Aquel animaliño, a pique de dexenerar en burro, trenquelea pola veira dos camiños, arrente das silveiras, e quen faga un viaxe, cabaleiro en tal besta ferrada, seguirá dispóis a pé o resto da súa vida.

Na probe besta do alquilador asubía o vento.

Cando algún cabalo forasteiro cai de pousada na corte do alquilador, o que nada pode dar porque nada ten, pregunta con moito aquel de pousadeiro abastecido:

- ¿Qué queres que che bote, cabalo? ¿Bótoche trebo, alcacén, serradela... ou que?

O alquilador non é mesmamente un ladrón, pero pelisca no alleo.

Unha noite de luar velahí o alquilador armado de fouce e de cesta en dereitura do

cimiterio. E chegando diante do valado guindóu coa cesta dentro e púxose a gabear pola parede arriba. Nesto ouvíu que a cesta caía no camiño... O alquilador sintéu desexos de botar a correr; pero contívose polo amor do faco que agardaba na corte. Armóuse de carraxe e collendo a cesta guindóuna de novo dentro do cimiterio... Non pasara nadiña de tempo cando ollóu que a cesta volvía polo aire e caía outra volta no camiño.

Cesta adentro e cesta afora, así a lúa percorréu dúas brazadas de ceo.

O alquilador nun intre de arriscamento trabóu a fouce cos dentes e gabeóu polas pedras arriba disposto a encararse co morto que lle tiraba coa cesta. Cando se puxo a cabalo do valado os seus ollos toparon coa cara risoña do seu comrade *Furrica* que tamén apañaba herba no cimiterio porque tamén era alquilador.

E os dous compadres ceibaron unha gargallada.



DOUS VELLÓS QUE TAMÉN tiveron mocidade, que se coñeceron nun baile, que logo se casaron por amor e que viviron amándose totalmente. Dous vellos, sempre xuntos e sempre calados, que viven escoitando o rechouchío dun xilgaro engaiolado. Sen fillos e sen amistades. Soios.

Antonte leváronlle o viático ao vello e onte morréu. A compañeira dos seus días vistéuno, afeitóuno e púxolle as mans en cruz.

Hoxe entraron catro homes e sacaron a caixa longa onde vai o morto. A vella saíu á porta da casa e coa voz amorosa dos días de mocidade despedíuse do seu compañeiro:

- ¡Deica logo, Eleuteiro!

E os veciños que acudiran ao espectáculo taparónse as bocas riron cos ventres. A despedida da vella foi rolando e chegou ao Casino e o *deica logo Eleuterio* xa se convertéu en motivo de risa.

Todos, todos, se riron e ninguén se decata con qué delor a vella namorada chamará pola morte nesta noite de inverno.



TODOS CANTOS SABÍAN ALGO da historia da vila en que eu nacín, xa repousan debaixo dos terróns. A siña Sinforosa era unha velliña que todos os días pasaba o mar, porque era mandadeira de oficio, como xa fora súa nai e súa aboa e cicáis todas as súas devanceiras, dende que os da banda de acá tiveron comercio cos da banda de alá. Era honrada ou parecía selo, pois vivía do seu creto de muller de ben. Engaioleira e faladora con todos, tiña sempre, para a xente fidalga, un carabel na súa boca chuchada. A siña Sinforosa sabía todas as traxedias do mar naquela travesía.

Nos días de tempo ruín, cando funga o vento nas cordas e os salseiros barren a cuberta do barco, a siña Sinforosa metíase en sí e rezaba pola súa ialma.

Nos días mainos a siña Sinforosa rezaba polos afogados. O barco ía andando cara a banda de alá e a mandadeira ía rezando sempre.

- Un padrenuestriño polo Xan de Codeso que morréu afogado un día da Candelaria.

- Unha salve por doña Rosa Faxardo que se botou a afogar na punta da Falcoeira.
- Un padrenuestriño, unha salve e unha avemaría polas catro fillas do Belurico que morreron de volta do mercado.
- Unha salve por Ramón Collazo que o levóu un cóngaro e nunca máis apareceu.

Así seguía rezando, rezando sempre, por todos cantos morreron naquel camiño do mar. A vella mandadeira gardaba na memoria os nomes dos afogados e as datas das traxedias.

Un día reparéi que a siña Sinforosa rezou por *un rapaciño que morréu en Tronco*, e preguntéille:

- ¿Quén foi o rapaciño que morréu en Tronco, siña Sinforosa?

E ela respondéume:

- Non o sei, meu amantiño, ise afogado non é do meu tempo, pois xa rezaba por il a difunta de miña aboa, que no Ceo estea.

A siña Sinforosa morréu xa, e de tantas traxedias non quedan máis que tres ou catro cruces de madeira chantadas nas pedras de veiramar. A vella mandarleira levóu ao Alén a hestoria de todos os afogados da vila en que eu nacín.

Unha vez que atraveséi o mar sentín dentro do meu peito o valeiro de tanto esquecemento e en nome de todos os afogados preguéi:

Un padrenuestriño pola siña Sinforosa.



AÍNDA EU ERA MÉDICO rural e rubía por un camiño da serra. Os casales estaban lonxe, os alboredos tamén e por alí non había máis que toxos e pedras.

No curuto avistéi a figura dunha muller que me chamaba coa man, e o petrucio que camiñaba de par do meu cabalo contóume:

- ¡Malpocadiña! Chámanlle a *tola do monte*. Era unha rapaza ben asisada e bonita coma un sol e din que foi unha meiga quen a enfeitizou e dispóis de perder o xuicio tívolle un fillo e contan que foi do demo...

Por riba da *tola do monte* voaba un miñado.





ERA UN BARBEIRO DE SÁBADO que amaba os libros que non entendía e gustaba de lélos todos enteiros.

Unha vez topéino coa testa pousada nas mans, ao xeito dun pensador, e díxome:

- Estóu profundando.

E dende entón, pra min, hai homes que profundan.

O tal barbeiro de sábado pasóu pola vida cos sentidos revirados cara a súa ñorancia, traballando a carón dun compañeiro que tiña os sentidos abertos ao mundo.

Ensumíase arreo dentro de sí mesmo para *profundar* nos misterios da outra vida e sempre remataba laiándose:

- Non podo *profundar* máis porque non sei latín.

Un día posóu os ollos no mar -endexamáis reparaba en cousas miudas- e dispóis de ter *profundado* un bo retrinco de tempo deitóu na orela do seu compañeiro ista frase:

- O mar ¿sabes? O mar... ¡é un fenómeno!

O probe barbeiro de sábado asombraba a todos coa súa sabencia... Unha vez púxose serio, como un frade de pau, e aseguroulle ao compañeiro:

- Eu teño que morrer e teño que ser xuzgado, *pese que me pese*, ¿sabes?


E decíao soletreando o *pese que me pese*.

As máis veces o barbeiro de sábado dubidaba dispóis de *profundar* en cousas do outro mundo.

O probe barbeiro de sábado morréu e puxérono nunha caixa de pino e o seu compañeiro foi a velo e botóu unha bágoa.

E unha muller, das que facían o pranto, decía:

-¡Agora xa non profundas! ¡Agora non profundas porque xa o sabes todo!



AÍNDA ESTÁ NO AREAL a osamenta do barco, como unha espiña de peixe xigante cuspida polo mar.

Cando non había tanto progreso os nenos enredaban con barquiños de cortiza, afacéndose a seren mariñeiros e cando chegaban a vellos enredaban cun barco verdadeiro, para non decatarse da súa inutilidade.

Os doce vellos máis vellos da vila tiñan sempre un barco e un aparello para enredar. Alcumábanse *apóstolos* porque nos Oficios de Semana Santa laváballes os pés o señor abade.

Nos días mormos de sol largaban o aparello. Eu non digo que collesen peixe para vender; mais algunhas veces pescaban para unha caldeirada e entón enchíanse de fachenda.

As xentes aventurábanse a pronosticar o bo tempo con iste dito: *mañán pode ir ao mar o aparello dos apóstolos*. E non había nada que magoase máis aos probes vellos do seu corazón.

Daba xenio velos camiñar en ringleira levando o aparello ao lombo.

Cando se lles lembraba a súa probeza con calquera ben, agradecíanlo con dinidade: - Tanto ben como nos fas que che fagan a ti cando chegues a vello.

Todos tíñamos reparo en pousar un codelo de boroa nas súas mans, como se fai á xente terrestre que prega nas portas . A esmola é boa para os que están afeitos a recibila; un mariñeiro que chega a probe por chegar a vello, morrería de vergoña cando sentise no lombo o peso das folicas limosneiras.

O progreso trouxo riquezas e trouxo fames. Os *apóstolos* foron morrendo e os vellos de hoxe en día andan a pedir polas portas dos ricos que teñen barcos e non van ao mar.



CANDO BIEITO QUEDÓU ORFO de pai e nai chegou das Américas un parente e levouno consigo.

Na víspera de emprender o viaxe colléu o camiño do monte e alá enriba, no curuto de todo, deixou ben agachado un ichaviño. Foi a idea sentimental dun neno de doce anos...

Dispóis, nas Pampas arxentinas, apurráronlle todos os cans, cando aínda non sabía gobernarse na soedade dos campos sen camiños. E moito padecéu para deprender a encararse cos homes, rillando as ganas de chorar.

A troco de anacos do espírito Bieito conquistou un sentido novo e traballando sen acougo ganou riquezas dabondo. Casouse, nasceronlle fillos e prendéuse en terra allea.

Os trafegos da súa vida non lle deran lecer para lembranzas sentimentaes e foi ao cabo de trinta anos de loita cando Bieito alentou forte e pudo virarse cara o pasado. E neste punto a morriña metéuselle na caixa do peito.

Cacheando nos currunchos da memoria as farraspiñas esquecidas do seu ledó

vivir de neno, Bieito sempre remataba pensando no ichaviño que deixara gardado no curuto do monte. E non podendo vivir máis tempo sen visitar os eidos nativos metéuse nun barco e chegou á Terra.

As verbas esquecidas do noso falar, o musgo, os couselos, os feitos e todas as cousas que ía topando no camiño enchían de ledicia o seu corazón. Cando chegou ao curuto do monte os ollos revíanlle felicidade. No mesmo sitio en que o deixara encontróu o ichaviño, e non hai palabras no mundo que poidan darvos idea da emoción de Bieito naquel intre. Dispóis marchóuse cabo dos fillos.

Agora Bieito ten un ichaviño pendurado na súa leontina de ouro e ten unha mágoa na ucha do peito.



EU NON TEÑO MÁGOA do picariño que mira con ollos encalmados de boi cando os automóbiles pasan pola súa porta. Eu non teño dor do picariño que non corre detrás dos automóbiles. Fame que pase o picariño, sempre será feliz.

Eu teño mágoa do rapaz que sente formigueiros nos pés cando os automóbiles pasan pola súa porta. Eu teño dor do pícaro que corre detrás dos automóbiles. Os rapaces inquedos que andan probando as súas forzas en todas as máquinas non encheran os seus anxeios de felicidade.

Os rapaces da miña terra corren sempre detrás dos automóbiles .



SI EU FOSE AUTOR escribiría unha peza en dous lances. A obriña duraría dez minutos nada máis.

LANCE PRIMEIRO

Érguese o pano e aparece unha corte aldeán. Enriba do estrume hai unha vaca morta. Ao redor da vaca hai unha vella velliña, unha muller avellentada, unha moza garrida, dúas rapaciñas bonitas, un vello petrucio e tres nenos loiros. Todos choran a fío e enxoitán os ollos coas mans. Todos fan o pranto e din cousas tristes que fan rir, ditos paifocos de xentes labregas, angurentas e cobizosas, que pensan que a morte dunha vaca é unha gran disgracia. O pranto debe ter unha gracia choqueira, pra que estoupen de risa os do *patio de butacas*.

E cando se fartan de rir os señoritos baixará o pano.

LANCE SEGUNDO

Érguese o pano e aparece un estrado elegante, adobiado con moito señorío. Enriba dunha mesa de pés ferrados de bronce, hai unha bandexa de prata, enriba da bandexa hai unha almofada de damasco, enriba da almofada hai unha cadeliña morta. A cadela morta semellará unha folerpa de neve. Ao seu redor chora unha fidalgona e dúas fidalguiñas novas. Todas elas fan o pranto e enxoitán as bágoas con paniños de encaixe. Todas van dicindo, unha a unha, as mesmas parvadas que dixerón os labregos diante da vaca morta, ditos tristes que fan rir, porque a morte dunha cadela non é para tanto.

E cando a xente do galiñeiro se farte de rir a cachón, baixará o pano moi amodiño.



FOI POR SEGUIR OS MANDADOS dun amor verdadeiro que deixou a súa terra e a

súa nai: unha terra verde e farturenta, unha nai vella e cega.

Nos primeiros tempos doña Carmen vivéu leda pola esperanza do retorno; dispóis a seguranza de morrer no desterro deixóuna abraiada. Dende entón a probe señora vive sempre lonxe do presente, asolagada en saudades, cunha doce tristura na surrisa; nos ollos a inquedanza dos xordos e nas mans señoriles a dúbida dos cegos. A boa señora enraizouse en terra allea e morrerá do aí que lle quedóu.

Nos primeiros tempos, cando a fidel namorada choraba e tiña esperanzas, recibéuse unha carta do loito e o seu home rachóuna. Dispóis recibíronse cartas de mentira, que un curmán mandaba de tempo en tempo por encargo do home de doña Carmen.

- Xa ves o que di de túa nai o curmán Roque ¿eh?

- Sí, sí, parece miragre.

E Roque seguía dicindo que a vella vivía, e a vella pasóu dos oitenta, dos noventa, dos cen anos... ¡Os vellos doutro tempo duran tanto!... Pero un día o curmán Roque morréu de vello e xa non viñeron máis cartas.

Doña Carmen choraba coma nos primeiros tempos e o seu home desfacíase en agarimos, e non podendo xa gardar unha mentira tan grande, díxolle unha noite poñendo moito amor nas verbas:

- Perdón, Carmela. Chora canto queiras, muller, porque a túa nai morréu; morréu fai hoxe trinta e cinco anos.



CHEGÓU DAS AMÉRICAS UN HOME RICO e trouxe consigo un negriño cubano,

coma quen trai unha mona, un papagaio, un fonógrafo...

O negriño foi medrando na aldea, onde deprende a falar con enxebreza, a puntear muiñeiras, a botar aturuxos abrouxadores.

Un día morréu o home rico e Panchito trocáu de amo para ganar o pan. Co tempo fíxose mozo comprido, sen máis chatas que a súa coor... Aínda que era negro coma o pote, tiña gracia dabondo para facerse querer de todos. Endomingado, con un caravel enriba da orella e unha ponla de malva na chaqueta, parecía talmente un mozo das festas.


Unha noite de estrelas xurdéu no seu maxín a idea de saír polo mundo á cata de riquezas. Tamén Panchito sintéu, como todos os mozos da aldea, os anceios de emigrar. E unha mañán de moita tristura gabeóu polas escaleiras dun trasatlántico.

Panchito ía camiño da Habana e os seus ollos mollados e brillantes esculcaban no mar as terras deixadas pola popa.

Nunha rúa da Habana o negro Panchito tropezóu cun home da súa aldea e confesóulle saloucando:

- Ai, eu non me afago nesta terra de tanto sol; eu non me afago con esta xente.
¡Eu morro!

Panchito retornóu á aldea. Chegóu probe e endeble; pero trouxo moita fartura no corazón. Tamén trouxo un sombreiro de palla e máis un traxe branco...



ESA FIESTRA NON É UN OLLO da casa, como son as fiestras, pois ela somentes sirve para que tome a raxeira do sol un cego, o cego que se fixo rico a cantar cantigas de rexouba cabo das empanadas arrecendentes.

As vexigas que petiscaron os ollos do cego foron un ben do Noso Señor. Non foi cego de pedir polas portas; nin tampouco cego de cibdade, que chora no violín, escorregando devagariño polas cordas un dedo chuchando de fame. Foi simplemente un cego de romería, un pillastrón, un moinante.

Cando quer lembrar algunha cousa da súa longa vida comenza sempre amostrando aquel canteiro ridor que ten chantado, como membro de portelo, nas súas enxibas bermellas, dispóis ceiba unha risada de trunfador.

- Foi polo San Martiño.

O cego que mornea ao sol, como un gato, na fiestra, forentóu cos ollos pechados todas cantas regalías hai na terra. Cando eu o vin xa era moi velliño e xa daba santos consellos á mocidade. Vivía no seu dunha familia labrega, con boa cama e

boas cuncas de caldo.

Contan que o cego chamou por unha boa muller e amostroulle moitas onzas de ouro, que faiscaban ao sol, e díxolle panxoleiro:

- Si me levases a morrer na túa casa para ti serían os meus tesouros.

E a muller levóuno coma quen leva un santo.

O cego morréu e agora contan que as onzas recortadas que gardaba arrentes de coiro eran cachos de metal dourado...

Foi a derradeira falcatruada do cego.





A VELLA NON PARA de gabar a súa felicidade.

- Esta rapaza baixou do Ceo para ledicia da miña vellez. Un anxo que me mandou o Noso Señor. Unha froliña bonita que nasceu do meu corpo de terra. ¡Ai, qué sería de min, soia no mundo, sen agarimo de ninguén!

A vella sigue debullando gabanzas.

- Esta miña filla é unha santa, porque as súas manciñas miragreiras saben esvaer doores e curar feridas. Ela enchéu de luz a miña noite e fixo quencer a miña vellez. ¡Qué sería de min, orfiña de todo, a morrer esterricada nun camiño calquera!

A vella sigue a súa ladaíña de gabanzas.

- O meu corpo perdeu os seus remos, pero velahí están rexos e fortes os remos da miña rapaza. Cando cansaron os meus brazos traballaron os brazos dela. Cando

as xiadas embazaron os vidros das miñas fiestras eu aínda vexo camiños polos ollos limpos da miña filla. ¡Ai, qué sería de min!

Dos beizos chuchados da vella van saíndo parolas acesas de contentamento.

- Ela era miña filla e agora é miña nai. ¡Qué sería de min sen esta naiciña que me agarima! ¡Ai, e cando eu morra teréi quen pregue por min ao Ceo!


A vella sigue arreo gabando a súa felicidade.

Un día preguntéille á vella:

- ¿Quén foi o pai da súa filla?

E vella respondéume:

- Non sei cómo se chamaba; pero... ¡abenzoado sexa o seu nome!



MANTER UN ANIMAL PARA COMELO non está ben, aínda que troquemos a súa carne na nosa propia carne; pero manter con agarimo un animal para levalo despóis á feira, parece unha mostra da ruindade humán.

¡Un día de feira! Diñeiro, xuramentos falsos, meter burro por cabalo, comidas con pimento, pan reseso, viño cativo, tabernas acuguladas... A leda bullanga das feiras é tan mintireira como son as carantoñas do antroido, pois debaixo da ledicia hai tristura nos que venden e medo nos que mercan. O día de feira todos van de raposos e ninguén leva o corazón no peito, porque todos coidan que a xente de ben perde diñeiro nos tratos.

O chorar dos cabirtos, que se laian coma fidalguiños esmirriados, pode ferir o peito dun home endeble; o noxento carpir dos porcos, que berran por calquera cousa, abrouxa os nosos ouvidos e desfái toda compasión. Pola rúa van pasando, no remate da feira, os regueiros da dor animal; pero nas feiras hai algo máis.

Os homes andan ao seu e non reparan na outra dor, na dor humán que sinten os animais de Deus. As probes vacas endoudecidas que chaman polos fillos, os probes puchos que van ao matadeiro chamando polas nais...

Eu quero que todos seipan iste conto:

Unha vez había dous bois que xa eran moi velliños e que traballaran xuntos toda a súa vida. O amo vendéunos para matar e tiveron que arredarse para sempre... E din que no intre da despedida díxolle un ao outro:

- Adéus, meu compañeiro, e deica a feira de Soutomaor.

(Na feira de Soutomaor había mercado de coiros).



XA VAN ALÁ MOITOS ANOS e aínda hoxe teño remorsos.

Non había antroido que deixasen de vir á miña casa dúas máscaras choqueiras. Sempre os dous mesmos esterqueiros, coas mesmas caretas, cos mesmos traxes, cos mesmos ditos. Eles sabían un segredo amoroso da miña mocidade e todos os anos viñan chantarmo na cara coas mesmas verbas, coas mesmas gargalladas paifocas.

As dúas máscaras batían o chamador da miña porta todos os domingos de antroido. Xustamente todos os anos, no mesmo día e á mesma hora. Eu adoecía por descubrilos; pero endexamáis logréi nin tan siquiera unha sospeita guiadora. Eles chamaban, entraban, bruaban o meu segredo, rían a cachón e logo fuxían deixándome alporizado de carraxe.

Un ano convidéinos con augardente... e púxenlles diante de sí unha garrafa chea de purgante Leroy (meiciña que agora xa non se estila). Os choqueiros cheiraron o

augardente, probárono con sospeita, baduaron algúns chistes á miña conta, arrombaron as gorxas e pouco a pouco foron enviando a garrafa enteira! de modo que a cada un cadrólle de tomar quince purgas, pola baixa. ¡Ían ben servidos os malpocados!

O meu divertimento duróu pouco. Axiña de se marcharen comenzaron os remorsos a rillar na miña conciencia. Eu era un criminal e o suor frío do arrepentimento corríame polo corpo. Eu saín da casa en procura dos choqueiros. Cacheí tabernas e bailes de tranca e as máscaras non apareceron; preguntéi a moita xente e ninguén soupo darme razón deles. A mañanciña do luns colléume aínda na rúa, todo apouvigado, en procura dos choqueiros...

Endexamáis volvín a vélos diante de min. ¡Endexamáis! E quedóume un remorso tremendo, porque... ¿morrerían?



O VELLO SARAMAGUIÑO PASÓU a vida cacheando tesouros. Coa pacencia dun xogador de lotería o vello *Saramaguiño* rexistraba o campo da feira, dispóis da feira, e o campo da romería, dispóis da festa. ¡Cántos valados escudrumóu en procura da ola de onzas recortadas! Ai, o probe *Saramaguiño* morréu sin atopar o tesouro degoirado, e nos derradeiros días da súa vida baixábase para apañar do chan as cousas redondas ou brillantes en que batían os seus ollos pitoñentos.

O *Saramaguiño* foi un home de boa fe e na folicia dos pecados non levóu máis que mentiras, unhas mentiras grandes coma contos de nenos.

- Unha vez -contaba- chegou a escuadra inglesa e velahí me vou eu pola noite a cachear o areal, porque cando hai escuadra na ría o mar cuspe cousas boas. Ja, ja, ja. E vaise e unha vez no devalo da marea quedou na veiramar unha caixa moi longa. E vaise e fun eu e canguéina ao lombo. Ja, ja, ja. A condanada pesaba tanto que me derreaba de todo; pero eu saquéi forzas de non sei ónde e logréi chegar con ela diante da miña porta. Ja, ja, ja. E vaise e chamei pola miña muller: ¡Abre, Xoana, que traio un tesouro! ¡Abre deseguida, muller, que xa somos ricos! Ja, ja, ja. Eu xemía con todos os folgos ollando a caixa que gardaba tanto ben cobizado, e cando baixou a miña Xoana collemos a caixa e metémola na casa. Ja, ja, ja. Mintiría si non dixese que foi o intre máis feliz da miña vida. E vaise e dispóis abrimos a caixa e como atopar atopamos... ¿sabedes o qué?, pois... un inglés morto. Ja, ja, ja.



SEMELLANTE A UN FRADE DE MADEIRA mal pintada; tiña un nariz bermello, de antroido, e unha calva esvaída, de difunto reseso, e non sabía un por ónde tomalo para moufarse da súa cativeza. Malasisado coma os sinos, que repenican con tolería de festa e logo taxen a morto. Tan amigo de beber que sendo pequeno foise ao augardente dun feto, que era tío seu, e deixóuno sequiño de todo. Para ganar a vida chegou a oubear coma un can no tempo das uvas.

Pero certo día topóuse cunha muller nun camiño de romería. A muller ía de promesa, cun faroliño na man. Falóulle, namoróuna, e casáronse deseguida.

Ela é un ananuxo, que gaña diñeiro nos mercados, como regateira de roupa vella. El fíxose borracho de solenidade. E os dous xuntos son a risa do pobo nos domingos e días de gardar.

Compre decirvos que tiveron un fillo tan forte de corpo e de alma, tan

desemellante dos seus pais, que parecía un neno roubado. O neno medrou e fíxose home de proveito e largou para fora.


O pai anda decindo:

- Non volve porque como a nai é así...

E a nai anda decindo:

- Non volve porque como o pai é así...

Pero eu sei que non volve porque aínda non é dabondo rico para matar as risas dos que se moufan dos seus pais; que con diñeiro pódese chegar a Excelentísimo señor, según xa ten pasado e aínda pasará.



O BURRO NON BULÍA NIN CHISCO: tiña os ollos abertos, enfiados no chan, e polas trazas o burro cavilaba de firme, asolagado nas súas cavilacións. Eu enfiéi os meus ollos no burro e tamén me puxen a cavilar, esquecido de mín mesmo; ensumíndome nos adentros da besta, e sen facerme cargo os meus pensamentos eran os do burro.

Os homes non queren ser burros; quixeran en troques seren leóns, tigres, lobos..., xustamente porque os homes son máis burros que leóns, que tigres, que lobos... por iso a verba «burro» é un alcume aldraxante para eles.


O meu lombo rexe con calquera home e secomasí os homes prefiren un cabalo, un elefante... calquera besta máis grande que eles, de modo que ninguén poida decir: «velahí van dous». Non nos aprecian, porque ollan en nós as virtudes dos homes de ben.

Somos amigos dos probes, amparo dos mendicantes; temos levado no lombo a Noso Señor e San Francisco de Asís: pero non levamos ningún guerreiro.

A paz virá cando os homes todos queiran ser burros.

Chegaron a negamos caletre porque andabamos pola veira dos camiños. ¡Parvos! Un burro pode morrer asesinado por un auto; pero un burro non cai debaixo dun auto, como caen os cans e as galiñas... Nós presentíamos a chegada dos autos denantes de inventalos o demo do inferno.

Niste punto volvín en min.



AMIGO MEU:

Eu era cismador e pensatibre a quen a morte gadaña axexaba cos dentes arregañados . No intre de pechar os ollos, para me durmire, un dedíño de óso, ou máis ben de marfil, petaba levián na miña testa e o medo facía explosión en min. Todas as noites.

Eu morríame do corazón e os médicos non me decían a verdade, porque cicáis o meu mal non tiña cura. Visitéi un e outro e outro máis, e todos me dixeron o mesmo: *Non ten nada*. Pero eu sentía o meu corazón debaterse na súa gaiola, coma un paxaro entolecido e somentes cando eu ficaba quediño, sen bulir nin chisco,

durmía o paxaro do meu peito.

No intre en que os médicos me dicían *non ten nada* eu sempre avistéi nos seus ollos a pintiña escentilante da mentira e da bulra, e un día esgotouse a miña pacencia e cuspinlle na cara ao especialista...

Dende entón eu vivo no Manicomio.

Fai pouco tempo entrou nesta Casa un médico eminente, que anque está tolo conserva enteira a súa sabencia, e consultéime con el. O meu compañeiro ensaminóume ben e de remate díxome sin chisco de mintira nos ollos:

Ti non tes nada no corazón; ti estás tolo e nada máis.

Agora eu xa sei que teño san o meu corazón, porque os médicos tolos non minten nin se bulran dos enfermos. Pero... teño unha dúbida que me arrepía.

O meu compañeiro dixo que estou tolo, e agora compre que ti, que andas solto, consultes o meu caso cun abogado e que che diga si un médico tolo ten dereito a saber de tolerías.

Moitas apertas de teu amigo X.

P . D.- Contéstame axiña porque quero saber si estou tolo ou non.



NUNHA EIREXA DA MONTAÑA eu vin unha caveira de cristián facendo de peto das ánimas. Tiña unha fenda no frondal e por alí decorrían os cartos dos bos feligreses.

Unha caveira de sacristía, sobada por mans luxadas de cera e de aceite, como lombo de misal antigo, coma pelexo de pandeiro vello. Recollendo diñeiro para ben das almiñas do purgatorio, levaba moitos anos de servicio a probe caveira humán.

Agora eu vou contarvos unha cousa.

Eu sei, porque o sei, que a caveira foi dun home que roubaba con toda a legalidade aproveitándose dunhas leises que o gardaban da xusticia do noso mundo.

O ladroeiro, agora, no mundo da verdade, está condenado a recibir enriba da súa alma os cartos que roubou, can a can, cadela a cadela. Ten a alma sentada na *silla turca* do esfenoide e cada peza de diñeiro que lle botan é un fungueirazo que recibe no lombo.

Arrepía de pensar en tanta dor. O ladrón xa vai ben castigado; pero aínda debe recibir coarenta e sete mil réas en pezas de cobre.

Eu sei porque...



O FILLO DE ROSENDO ANDABA ABOIADO polas rúas amostrando a súa faciana albeira de mozo malmantido. As letras que deprendera non eran dabondo para vivir do traballo da testa e o señorío conquerido non lle deixaba vivir do traballo das máns. Botara tres anos de bachillerato e xa non podía traballar... E a forza de

pitillos regalados foi matando a cobiza de outras regalías da mocidade.

O fillo de Rosendo xinguéuse a unha muller, vella, gorda e rica, porque diante de sí non aviscaba máis que o pan da esclavitude. ¡Gran desgracia! Porque hai algo peor que traballar para non morrer de fame e é casarse para poder comer todos os días.

O fillo de Rosendo foi ao casouro como vai un meniño a unha cesta de melindres, sen decatarse da súa desgracia, porque aínda non se fixera cargo de que a ledicia de comer con fame ten o seu remate na fartura e o casoiro non o ten máis que na morte.

O fillo de Rosendo fíxose dono de algúns pesos nas vísperas do casamento e cando se casou levaba oito décimos de lotería nos petos do seu traxe novo.

E cando o fillo de Rosendo xa estaba encarado coa súa desgracia chegou a lotería e púxolle nas mans unha chea de miles de pesos, que non eran da súa muller, que eran seus mesmamente, porque de certo xa os levaba consigo cando foi á eirexa...

A sorte chegou tarde e agora o fillo do Rosendo anda sempre aparellado coa súa muller, que é o seu drama.



DON FROITOSO NON VAL polos camiños que levan á verdade, porque sospeita que a verdade ten semellanzas coa morte. Desde os homes do seu tempo foron acedándose pola experiencia, don Froitoso viróulle as costas e fíxose compañeiro dos mozos. Un gran optimista. O día que as súas pernas xa non rexan co seu corpo chamará nas portas dos médicos, e cando fiquen varado nos cobertores aínda agardará por un miragre da ciencia. Todo menos facerse cargo da súa vellez.

Don Froitoso é un home dos que retrasan o reló para retrasar o tempo e pecha os

ollos cando quer que non o vexan. Todo maxinación de fidalguía, vive no seu derradeiro esforzo de galán. Un galán comprementeiro de barbas de liño e caraveles no bico.

O fidalgo barbuzán ten o espírito limpo como unha estrela. Certo día dixeran eu que as monxas dos conventos eran cativas e vellas e don Froitoso fitóume feramente e fíxome calar, porque para este vello galán aínda son verdades todas as fermosas mintiras do romanticismo.

Don Froitoso foi a un baile do antroido pasado e alí topóuse cunha criada disfrazada. Tratouna con moita cortesía, sen chisco de ruín intención, ser verbas lixoxas, como compre tratar ás mulleres... Don Froitoso emparellou coa candonga e xuntos entraron nun apartamento, e alí o vello comezou a recitar poesías de Bécquer, que a criada escoitou a rir, a rir... Dispóis o vello pidéu champán, champán do mellor. E pasadas dúas horas a criada sinteu que lle voaban os miolos, e colléndose a don Froitoso dixo con aflición:

- ¡Ai! qué mal me sentou aquel viño branco con gaseosa!

Pero don Froitoso volverá a recitar poesías e a pedir champán nos bailes de tranca.



ESTA MOREA DE PEDRAS E TELLAS, de latas tomadas e táboas podres, que semella un cortello abataido, foi o tobo en que vivéu moitos anos a vella Fanchuca.

Esta figueira de ponlas ensarilladas foi o amparo da vivenda. Os figos ninguén degoraba comelos porque sabían á miseria.


A vella Fanchuca pregaba de porta en porta, alá cando nas nosas aldeas había máis fartura de pan que de diñeiro. Aínda era no tempo en que cada esmola recibía un bico de quen a daba e outro bico de quen a collía; porque as esmolas non eran cachos de cobre acuñado, que eran codelos de pan ou espigas de millo.

A siña Fanchuca, por ser tan probe e tan vella e por estar tan perto da morte, ía tornándose terra e xa se confundía de lonxe coa lama dos camiños. Mais a vella Fanchuca sabía remozarse o día da festa prendendo na roupa moitos remendiños bonitos: adobíos da súa probeza, que o sol e a choiva de todo o ano ían trocando en novos farrapos terroeiros.

A vella Fanchuca contaba máis de catro veces vinte anos e portaba nas roupas os remendiños de todas as festas, talmente como levan as plumas os paxaros cativos.

A primeira mostra de probeza que fitaron os meus ollos foi a siña Fanchuca e dende aquela viven tan apareladas na miña memoria a vellez e a miseria que

aínda hoxe todos os vellos enrugadiños parécenme probes de pedir polas portas.



DENDE A FIESTRA DA TORRE a condesiña ten os seus ollos chorosos enfiados na derradeira revolta do camiño, por onde un día fuxeu a súa ledicia de namorada. Co verme dos ciumes rillándolle o corazón a condesiña vai morrendo pouquiño a pouco na fiestra da torre.

E pasan días e meses e anos, esculcando no camiño a volta do seu amor. E nun serán de pensamentos velaíños, relembando aquel bico que se deron a furto, a condesiña belida morréuse de amor.

Velahí cómo cantan as xentes a morte da namorada.

Este sartego encerra dende hai centos de anos as cinzas da malfadada condesiña, e a lenda que se conta de vellos e mozos colléu pulo sentimental no moimento de pedra, hucha misteriosa para todos os espíritos románticos.

Unha vez foi aberto polos *intelectuales* da vila e dentro atoparon ósos, retrincos de lenzo, pó e... carabuñas de cereixas para encher dúas cuncas.

Por certo que o médico, home de moitos anteollos e de moita caspa na chaqueta, díxolle ao boticario:

- A condeseña do que morréu foi dunha enchente de cereixas...

Hai homes que non saben calar.



ESE RAPAZ SAÍDO DAS MIÑAS lembranzas de neno, foi un compañeiro da escola, gran enemigo de gatos e capitán arriscado de todos os rillotes. Eu non podo esquecer cómo se ría estoupando a pedradas os ventres inflados dos cans mortos.

Unha vez o noso destemido compañeiro levóunos diante da chouza dunha mendicante e díxonos moi afouto:

- Ides ver qué risa.

Dispóis destellóu un anaco do tellado e metéuse dentro da chouza. Axiña

comenzaron a saír, lanzados por unha bufarda, os codelos de pan e as espigas de millo, esmolas que a vella mendicante acarrexara como unha formiga naquel outono farturento. Dispóis o rillote aparecéu no tellado a rir, a rir...

Os porcos e as galiñas tiveron festa e os rapaces da escola ollábamos cos ollos arregalados, coma quen avisca un sacrilexo. Todos os rapaces ficamos quedos, e cando o rillote reparóu que tiñamos o ánimo engruñado díxonos para amainar os escrupos de concencia:

- Total a vella non merca nada, que llo dan todo.

Aquel rapaz agora é un señor de sona e de creto, dono de moitos millóns, amo de moita xente e de moitos comercios alá nas Américas.

Queira o Ceo que non retorne.



O SEÑOR ANTÓN VIVÍA cando meu abó era mozo.

O Señor Antón foi un pintor de moita sona, e da súa artesanía quedaron probas a barullo. O señor Antón pintaba todo con lindas coores, tapando madeiras e pedras coma se as vestise con traxes de festa. O señor Antón coidaba que todas as cousas estaban encoiras cando non estaban pintadas, e pouco a pouco foi pintando todo, todo... convertindo a pedra en madeira e a madeira en pedra, para que as xentes pasmasen. ¿Pensas que é pedra? Pois non, señor, que é madeira. ¿Pensas que é madeira? Pois non, señor, que é pedra. E velahí o engado artístico do señor Antón.

As súas mellores obras son uns gardaciviles recortados en táboas que hai no

moimento de Semán Santa e un cadro de almiñas que ten o tumbo dos difuntos, onde din que puxo ao vello abade pintiparado; pero o señor Antón vivía de facer retratos.

¿Que cómo facía retratos o señor Antón?

Estando diante dun xerro de viño tinto velahí chega unha muller e máis unha nena. A muller dille ao señor Antón.

- Eu estimaríalle mesmamente que fixese un retrato da picariña, porque o meu home está fora ¿sabe? e queríallo mandar.

O señor Antón guinda unha ollada enriba da nena, dispóis púsalle unha man na cabeza e bambéalla para ensaminarlle ben o cariz e deseguida arrédase unha migalla para medila cos ollos chiscos. De remate apreixa o queixo coa man e respóndelle á muller:

- O sábado que ven podes vir polo retrato.

Así facía retratos o señor Antón cando non había fotografos, e disque todos lle saían pintiparados.



UNHA RÚA NUN PORTO LONXANO do norte. As tabernas están acuguladas de mariñeiros e botan polas súas portas o bafo quente dos borrachos. Xentes de todas as castes do mundo, cantigas a gorxa rachada, música de pianolas chocas, moito fedor a sebo...

Un mariñeiro que fala francés tropeza cun mariñeiro que fala inglés. Os dous fanse promesas de gran amizade, cada un no seu falar. E sen entenderse camiñan xuntos, collidos do brazo, servíndose mutuamente de puntales.

O mariñeiro que fala francés e máis o mariñeiro que fala inglés entran nunha taberna servida por un home gordo. Queren perder o sentido xuntos, para seren máis amigos. ¡Quén sabe se despois de ben borrachos poderán entenderse!

E cando o mariñeiro que fala inglés xa non rexe co seu corpo comenza a cantar:

*Lanchiña que vas en vela;
levas panos e refaixos
para a miña Manoela.*

O mariñeiro que fala francés, arregala os ollos, abrázase ao compañeiro, e comenza tamén a cantar:

*Lanchiña que vas en vela;
levas panos e refaixos
para a miña Manoela.*

¡¡A-iu-jú-jú!! Os dous mariñeiros eran galegos.

O taberneiro, gordo coma un flamenco de caste, veu saír aos dous mariñeiros da taberna e pola súa faciana bermella escorregaron as bágoas. E dispóis dixo para sí nun láido saudoso:

¡ Lanchiña que vas en vela!

Tamén o taberneiro era galego.



NO MAR HABÍA UN AFOGADO e a vila mariñeira ensumírase no silencio e na tristura.

Amainara o vento, acougara o mar, trunfara o sol no Ceo. E a vila non acordaba nin quencía, coma se aínda fose noite, coma si as xentes mariñeiras refusasen as

regalías de Deus. A luz do día embazada polas angurias da traxedia.

No mar encalmado ían e viñan os barcos en procura do corpo de Ramón. Na eirexa da vila unha muller e un rapaciño choraban diante do Cristo miragreiro.


Eisí decorrerón oito días no silencio e na tristura.

E unha mañán atracou ao peirán da ribeira o barco que portaba o corpo de Ramón.

A vila chorou de xeito arrepiante, e con mostras de fondo dor soterraron no adro da eirexa o corpo do afogado.

E cando Ramón ficou na compañía de todos os mortos da feligresía, a vila alentou forte, reviviu con esperanza, e as xentes volveron a cantar no seu traballo cotián.

A terra non quer perder o corpo que nos empresta e os mariñeiros tamén obedecen aos seus mandados, porque tamén son de terra. Se eisí non fose, ¡qué millor leito para un mariñeiro que o fondo do mar!



O PAI DE MIGUELIÑO CHEGABA DAS AMÉRICAS e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados cómo era o seu pai; pero denantes de saír da casa botoulle unha ollada ao retrato.

Os *americanos* xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirán do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas, en procura do pai ensoñado.

De súpeto avistóuno de lonxe. Era o mesmo do retrato, ou aínda mellor portado, e Migueliño sinteu por il un grande amor e canto máis se achegaba o *americano*, máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. Ai, o *americano* pasou de largo sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de quere-lo.

Agora sí, agora sí que o era. Migueliño avistóu outro home moi ben traxeado e o corazón dáballle que aquel era o seu pai. O rapaz debecíase por bicalo a faltar. ¡Tiña un porte de tanto señorío! Ai, o *americano* pasou de largo e nin tan siquera reparou que o seguían os ollos angurentos dun neno.

Migueliño escolléu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente.

E cando esculcaba con máis anguria fíxose cargo de que un home estaba abrazando a súa nai. Era un home que non se parecía ao retrato; un home moi flaco, metido nun traxe moi floxo; un home de cera, coas orellas fora do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo...

Aquel sí que era o pai de Migueliño.



ROMUALDO ERA UN HOME «FINO». Polas súas maneiras xeitosas conquiréu creto de home ben ensinado, anque as súas cortesías co chapeu na man non tiñan certamente o cuño da fidalguía enxebre. A Romualdo, tan mixiriqueiro, tan fricoleiro, non lle acaía un oficio de traballo, e dispóis de chorarse moito logrou meter cabeza no xuzgado municipal, onde vivéu esborrachando papel, deica o día do seu pasamento. Romualdo ademáis de escribente era un gran catador de viño, calidade que lle deixara o seu pai en herdo.

Non beber era como non escribir: moitos grolíños de viño enviados de xeito melindroso, letriña miuda con rabiños enribirichados. Tan *fino* no xuzgado coma na taberna. Romualdo emborrachábase moitas veces; pero endexamáis esgallou as pernas. Canto máis viño levase abordo máis cortesía facía.

Unha vez Romualdo pasou a noite toda de parranda e no intre de chegar á súa casa topouse cuns amigos. Era domingo.


- Anda, Romualdo, vente conosco, que imos xantar unha empanada.

- Ben; pero agardái un anaquiño que vou decirllo á miña muller.

E Romualdo entrou deseguida na súa casa. Os amigos sentiron un gran estrondo e dispóis unhas verbas adoecidas. ¡Lacazán! ¡Borrachón! ¡Pelexo! A muller de Romualdo mallaba no home coma quen malla nun fol vello. ¡Plim, plam! ¡Plim, plam!

Romualdo apareceu amañando a roupa, e con cara de ledicia finxida díxolle aos seus amigos:

- Ímonos xa, que non está ninguén na casa.



ERA UN NENIÑO DE MANTEIGA, bonito coma un caravel. Ningunha señora podía

ollalo sen bicalo.

Vistidiño coma un príncipe de lenda, tiña un ollar tristeiro de neno medrado en sedas e bicos.

Os seus traxes primorosos facían do neno un monequiño para bicar con degaro.

O seu traxe de antroido custaba dous meses de traballo, e a súa nai revíase de ledicia.

Porque á súa veira todos os nenos daban mágoa, vistidiños con traxes cativos.

E a fermosura do neno foi a súa desgracia.

Pouco a pouco, na quentura dos agarimos, o neno fíxose mozo. Un mozo cheo de bondade. Unha bondade chea de inocencia.

O mozo entrou nunha Academia militar e a súa nai choraba, choraba; mais no fondo do fondo da súa ialma ela ben arelaba que o seu fillo fose distinto.

E cando chegou vistido de cadete a nai entolecéu de fachenda. E o mozo seguía coa súa bondade limpa e branca de neno.

Un día o mozo marchóu á guerra, por obriga da súa profesión.

E alí caíu ferido de morte. E ao morrer non dixo máis que esta frase tremendamente trágica:

¡Ai, mi mamaíta!



DOÑA FLORINDA CASÓUSE con Fungueiriño e vivéu lúa tras lúa en espera dun

fillo que non chegou. Laiándose da súa cativa sorte doña Florinda pasaba as horas mortas na solaina, escoitando o chouqueleo triste das galiñas poñedoras. Fungueiriño era xogador e morreu do corazón, deixándolle á probe fidalga os anxeios fanados de acariñar un fillo.

O loito sentáballe ben a doña Florinda e a carne branca dos seus brazos chamou polas olladas a furto de don Roque. A boa fidalga soupo despertar un amor serio no peito do solteirón e logrou casarse de segundas. E dispóis de casada remanecéulle novamente o degoro de ser nai, e aínda vivéu, lúa tras lúa, en espera dun fillo que non chegou. Don Roque foise do mundo e doña Florinda quedouse soia, diante dos seus anxeios fanados.

Pasaron moitos anos. Arestora doña Florinda é unha velliña chuchada polo tempo; tan velliña e tan mirradiña que xa parece unha reliquia. Agora, no remate da súa longa vida, ¡quén o diría!, doña Florinda olla cumpridos os seus vellos anxeios. A chocheira fíxolle creer que ten un fillo e calquera día quédase morta de ledicia, da ledicia de ser nai.

A boa da fidalga ándalle decindo a todos:

-¿Non sabedes? Nascéume un fillo.

E todos se botan a rir porque as xentes xa non saben emocioarse.



O BRUXO DA MONTAÑA SABE moitas andrómenas para sandar as almas feridas. Adiviña canto está por acontecer, sen máis que preguntarlo á *peneira de San Cibrán*, e sempre ten unha feiticeiría axeitada para cada mágoa. Ouh, o bruxo da montaña sabe máis da conta.

Un día é unha rapaza que se mirra de amor e o bruxo inquire da peneira:

- Peneira que peneiras o pan da cristiandade: si Fulano puxo o seu pensamento nesta rapaza vírate para alí.

Moitas veces a peneira vírase para acolá e a coitada sinte as angurias da morte; mais o bruxo, doído de tanto amor como choran os ollos da namorada, asegúralle que o Fulano tornarásese cego para todas as mulleres e non ollará máis que a súa bonitura. E deseguida comenza o enfeitizamento.

O bruxo apaña un sapo e faille moitas cousas e dille moitos ditos que adeprendeu nos libros segredos; dispóis cóselles, con agulla enfiada de fío verde, as pelexas dos ollos, sen ferirle as meniñas, e de remate céiballe estas palabras:

- Sapo, sapiño; eiquí quedas preso e non verás sol nen lúa namentras o Fulano non poña o seu pensamento nesta rapaza bonita.

E a rapaza sai da casa do bruxo cos ollos escentilantes de felicidade.

Eu vino unha noite de tormenta á luz dun lóstrego, esconxurando aos nubeiros, e axiña me decatéi de que o bruxo ten un espírito que ven de outras edás, que é un *sabio* que non sabe cándoo foi poeta.

O bruxo empurraba as nubes coma se fosen carneiros e berráballes:

- ¡Tronos ao mar! ¡Tronos ao mar, que alí hai ben onde se afogar! ¡Tronos ao mar!

O bruxo defendendo a montaña.



VOU CONTARVOS UN CONTO TRISTE.

A pouco de casar doña Micaela comenzou a facer camisiñas; mais a súa ilusión abatéuse de súpeto e con bágoas nos ollos meteu nun frasco de augardente o froito merado dos seus amores.

Doña Micaela escribén un papeliño: *Adolfo, 12 de maio de 1887*. Pegou o papeliño no frasco e dispóis de bicalo tristemente gardóuno no armario das sabáns de liño.

Non vos riades, porque o conto é triste.

Aínda non decorreran catro meses e doña Micaela comenzou a traballar novamente nas camisiñas. A boa fidalga regalábase cavilando no herdeiro que xa estaba en camiño do mundo, e por segunda vez doña Micaela ollou murchas as súas ilusións de nai, e con fonda tristura meteu en augardente o novo froito dos seus amores.

Doña Micaela escribén: *Rosa, 7 de Xaneiro de 1888*.

Pegou o papeliño no frasco e moi amargurada gardóuno no armario das sabáns de liño.

Non vos riades, porque o conto é triste.

A probe señora chorou tres veces máis e meteu en outros tantos frascos de augardente un *Pedro*, un *Ramón* e unha *Alicia*.

Non vos riades.

A boa fidalga decatouse de que non aloumiñaría endexamáis un fillo verdadeiro e cos seus grandes azos maternáes adicou a vida enteira ao coidado garimoso dos frascos de augardente. ¡Triste vida!

Non; non vos riades, porque o caso é triste.

Cando unha fanada ilusión cumpría anos doña Micaela remudáballe o augardente. Todos os días bicaba os frascos e arrombaba os laciños de seda que cinguían as vincas dos frascos de *Rosa* e de *Alicia*.

A boa fidalga chegou a vella e tiña criadas de tanto ben que andaban coas chaves dos armarios e gobernaban a casa.

Un día chegou diante de doña Micaela unha das criadas. Viña tan cortada que non podía falar; mais a probe muller tirou consigo no chan e pouco a pouco foi confesando antre saloucos:

- ¡Perdón, miña ama! Ai, qué desgracia, señora! O señorito *Adolfo* caéume das mans e rompéuse.

E no intre doña Micaela esmorecéuse para sempre.